REGULAMENTO DA CARREIRA

1º A Concellaría de Deportes do Concello de Gondomar a Sociedade Atlética Val Miñor e contando co patrocinio do Grupo Miñor, organizan o **día 13 de maio de 2017 a Carreira Pedestre XVII Memorial Manuel Barros, estas probas de atletismo darán comezo a partir as 18:00 h.**

2º Poderán participar cantas persoas o desexen, estean ou non federadas, coa excepción dos atletas estranxeiros federados no seu país, excepto os portugueses que non foran internacionais co seu país nos derradeiros 5 anos. O control da carreira estará a cargo dos xuíces da Federación Galega de Atletismo.

3º O circuíto discorrerá polas rúas de Gondomar para as categorías menores (ata cadetes inclusive), e polos arredores do Concello para a carreira de (10 km).

4º A orde de saída será a seguinte:

HORA	CATEGORÍA	ANO	DISTANCIA
18:00	Júniors Femininos/ Masculinos Xuvenís Femininos/Masculinos Cadetes Femininos/masculinos	1999/1998 2000/2001 2002/2003	2.600 m
18:15	Infantís Femininos/Masculinos	2004/2005	1.600 m
18:30	Alevíns Femininos/Masculinos	2006/2007	1.000 m
18:50	Benxamíns Femininos	2008/2009	600 m
19:00	Benxamíns Masculinos	2008/2009	600 m
19:10	Pre-benxamíns Femininos	2010/2011	300 m
19:20	Pre-benxamíns Masculinos	2010/2011	300 m
19:30	Pitufos Femininos /Masculinos	2012/2013	100 m
20:00	Carreira absoluta	1997 e anteriores	10 km
21:30	ENTREGA DE PREMIOS		

5º Na carreira absoluta haberá as seguintes categorías:

Promesas/Sénior 1997 ata Veteranos/as F/M	Promesas/Sénior 1997 ata Veteranos/as
Veteranos A de 35 a 44 anos Veteranos B a 54	Veteranas A de 35 a 44 anos
Veteranos B de 45 a 54 anos	Veteranas B de 45 anos en diante
Veteranos C de 55 a anos en diante	

6º INSCRICIÓNS. Será obrigatorio; Nome e apelidos, data de nacemento, localidade, DNI ou pasaporte, sexo, nº de licenza federativa (no caso de ser atletas federados,) teléfono de contacto e nome do club no caso de non ser independente. O prazo de inscrición remata o 10 de maio de 2017 as 20:00 h., a organización será rigurosa co período de peche das inscricións. Na carreira absoluta (de promesas a veteranos), a inscrición farase na paxina web: www.carreirasgalegas.com . Esta terá unha taxa de 6 € que deberá aboar a través da pasarela de pago e cubrir os datos solicitados no formulario. Nas categorías menores a través da mesma páxina web: www.carreirasgalegas.com , estas categorías non teñen taxa.

7º Os dorsais e chisps serán entregados o día anterior a proba na casa da Cultura de Gondomar en horario de 17:00 a 21:00 h., e o mesmo día da proba (até 30 minutos antes da celebración de cada carreira) debendo os atletas levar o dorsal visible e sen dobreces no peito, e respectar a publicidade impresa se a houbese durante tódalas probas.

8º Serán motivo de descualificación, entre outros, os seguintes aspectos: Non realizar todo o circuíto da carreira, non levar o dorsal ou manipulalo, falsificar os datos persoais.

9º A carreira será controlada por os xuíces da federación Galega de atletismo que terán como máximo responsable o xuíz árbitro. Tódalas reclamacións serán atendidas ata 30 minutos máximo despois da finalización da proba.

10º O peche do control na carreira absoluta, producirase o cabo de 1 hora e 15 minutos do comezo da proba.

11º Premios: Outorgaranse trofeos aos tres primeiros de cada categoría tanto feminina como masculina e medallas conmemorativas nas categorías de benxamíns, pre-benxamíns e pitufos. Premiarase ao 1º atleta feminino e masculino do Val Miñor, na carreira absoluta. Haberá agasallos conmemorativos nas categorías alevíns ata absoluta. Os trofeos non serán acumulativos.

12º Premios en metálico da carreira absoluta:

	HOMES		MULLERES
1º	250 €	1º	250 €
2º	150 €	2º	150 €
3º	100 €	3º	100 €
4º	50 €	4º	50 €
5º	30 €	5º	30 €

13º A organización poderá esixir a documentación de todos aqueles participantes que leven premio en metálico.

14º A organización declina toda responsabilidade respecto aos incidentes físicos ou psicolóxicos, inmediatos ou posteriores, que poidan acontecer aos participantes desta carreira.

15º Haberá un servizo de ambulancia con médico durante todo o evento.

16º Tódolos participantes polo feito de tomar a saída aceptan o presente regulamento.

17º As reclamacións deberán facerse verbalmente ó xuíz árbitro, non máis tarde de 30 minutos despois da comunicación oficial dos resultados.

18º O non previsto neste regulamento resolverase de acordo co manual da IAAF ou RFEA en vigor.

19º Os gastos de desprazamento dos participantes correran do seu cargo.

20º Tódolos atletas durante a carreira estarán cubertos cun seguro de responsabilidade civil e de accidentes.

21º Haberá servizo de duchas no campo de fútbol Municipal de Gondomar (AS CERCAS).

ORGANIZACION: CONCELLARÍA DE DEPORTES DO CONCELLO DE GONDOMAR, SOCIEDADE ATLÉTICA VAL MIÑOR.

PATROCINIO: GRUPO MIÑOR E CONCELLO DE GONDOMAR.

COLABORADORES: ROSQUILLAS CRISTALEIRO, COCA COLA.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licencia de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.

Gondomar, a 23 de marzo de 2017